

Santos Rego, M. A. (Ed.) (2016). *A investigación educativa en Galicia 2002-2014*. Vigo: Galaxia. ISBN: 978-84-9865-697-8. 518 pp.

O texto dirixido por Miguel Anxo Santos Rego ofrece unha visión exhaustiva da investigación traballada e publicada no período 2002-2014 en Galicia, que serve como continuación dun traballo anterior que presentaba os resultados sobre o período 1989-2001. Esta publicación permite un ollar a modo tanto de guía de consulta como de análise temático e de profundidade sobre as cuestións que ocupan os intereses dos autores e grupos de investigadores na nosa comunidade. A combinación da labor descritiva e analítica permite referenciar este volume non soamente como compilación de datos senón como punto de conexión das liñas e investigacións existentes en contextos similares, facilitando a labor de conexión e perspectiva común.

O texto agrúpase en capítulos estruturados polas temáticas das investigacións, dedicando cada un deles a un grupo de temas de relevancia que obteñen atención por parte dos investigadores. Deste modo, o percorrido temático resulta prioritario ante unha mera exposición de datos numéricos sobre o atopado na revisión, e persigue unha idea de agrupamento de temáticas e investigadores en educación de Galicia.

Os dous primeiros capítulos serven a modo de contextualización. O primeiro capítulo, de Antonio Vara e María do Carme Cambeiro, versa sobre os fundamentos filosóficos e sociolóxicos da educación, incidindo os seus autores no concepto de “fundamentos” como base da construción dun corpo da educación. Preséntase neste capítulo unha recompilación estruturada de datos sobre publicacións e temáticas afrontadas polos investigadores, clarificando as achegas tanto conceptualmente (temas) como academicamente (grao). No capítulo segundo, de Antón Costa e Xosé Manuel Malheiro, os autores aproveitan a presentación de datos sobre a revisión de publicacións, para contribuír a plantexar debates conceptuais de interese como as perspectivas dende que están afrontadas as investigacións (historicismo, idealismo histórico, positivismo historiográfico). O capítulo contén tamén achegas profundas, sobre iniciativas e publicacións non facilmente rexistradas ou de difícil acceso. Finaliza con unha conclusión a modo de valoracións dos autores, que serve para facer unha visión xeral do apartado.

O terceiro capítulo, escrito por Antonio Valle, Agustín Godás, María José Buceta e Paula Outón corresponde ao análise da relación entre psicoloxía e educación, e a influencia das variables psicolóxicas no contexto educativo e á inversa. O capítulo, mantendo a idea de presentar os datos da realidade investigadora existente, aporta tamén unha estrutura temática dos contidos das publicacións e referencias en función as variables de estudo (cognitivas, motivacionais e afectivas, diferenzas individuais e atención á diversidade, trastornos do desenvolvemento, , evolutivas e sociais, , agrupando tanto por áreas conceptuais como sinalando aos investigadores referentes en cada eido dentro do tecido galego. O apartado de conclusión permite tamén facer algunhas valoracións pertinentes sobre os datos presentados e a súa implicación no desenvolvemento teórico e aplicado.

O capítulo cuarto, do propio Miguel Ángel Santos xunto a Mar Lorenzo, Diana Priegue e Jesús García, aprofunda da cuestión da interculturalidade, na que o grupo Esculca ten profundo coñecemento, e onde o grupo SEPA tamén ten unha referencia clara. O capítulo presenta a realidade existente na produción investigadora cunha extensiva estrutura determinada polas grandes liñas temáticas (fundamentos, desenvolvemento comunitario, educación especializada, educación ambiental, educación intercultural), encamiñadas dentro dunha perspectiva de cronoloxía e evolución conceptual dentro de cada área. Dentro desta presentación afóndase con claridade no obxectivo de presentar a diversidade de publicacións accesibles, permitindo así unha consulta detallada do material existente completada con unha presentación ampla de datos en anexos.

No capítulo quinto, Julia Crespo e María del Mar Sanjuán presentan os avances e investigacións no eido da didáctica, organización escolar e innovación educativa. A través desta descrición de traballos obtidos, establécese tamén unha ponderación sobre as necesidades de afondar en algunhas áreas de estudo (organización escolar) mentres que outros conlevan maior atención (currículo). O capítulo plantexa tamén unha análise especificada por universidades de orixe dos traballos, que ofrece resultados comparados.

Os capítulos 6 e 7 tratan sobre a formación do profesorado. Beatriz Cebreiro, Carmen Fernández Daponte e Josefa del Carmen Fernández relacionan este tema coa tecnoloxía educativa, poñendo énfase no impacto das publicacións e a súa repercusión, así como detectando cuestións de relevancia como o desacompañamento entre as temáticas afrontadas entre as teses doutorais e os proxectos de investigación dos grupos universitarios. Elena Fernández, María José Méndez, Margarita Valcarce, Antonio Rial, Laura Rego, Miguel Á. Nogueira e Cristina Ceinos ofrecen a revisión sobre a perspectiva de formación e orientación ao longo da vida. Os autores aproveitan traballos similares fora de Galicia para estimar comparacións cos intereses investigadores do campo noutras zonas. Neste punto abúndase na relevancia que neste contexto se outorga á formación profesional.

O capítulo 8 sobre metodoloxía de investigacións e avaliación de programas está formulado po Margarita R. Pino, María Luísa Rodicio, Natalia Abalde, Lucía Lomba e Lucía Pumares. Fai un detallado repaso polas numerosas publicacións relacionadas co tema, afondando en detalles sobre entidades financiadoras dos grupos de investigación, e concluíndo dende unha perspectiva crítica sobre a necesidade de máis metodoloxía cuantitativa, mellor traballo cualitativo e maior esixencia na aplicación e avaliación de programas.

O capítulo 9, por María López e Rosalía Fernández, está dedicado á relación entre lingua galega educación e sociedade. As autoras recollen o volume de publicacións sobre o tema, sen perder o enfoque academicista e dende as perspectivas sociolingüística e de contexto educativo. Destaca neste capítulo a forte presenza de artigos e publicacións no noso eido xeográfico, mais a limitada presenza noutros contextos, aínda que as autoras achegan algunhas achegas de traballos publicados fora do noso entorno (ex. Francia) e apostan por unha visión multicultural.

Os capítulos 10, 11, 12 e o anexo céntranse no eido da didáctica, presentando revisións sobre a didáctica das ciencias experimentais e matemáticas, por parte de María Pilar Jiménez e Pablo Brocos, das ciencias sociais, de Ramón López, da expresión musical, plástica e corporal, de María Jesús Agra, Carol Jean, Raúl Eirín e José María Mesías, e o anexo sobre didáctica das linguas e a literatura, de María Teresa Díaz. Todos estes apartados presentan os datos incidindo nas cuestións máis tratadas e as temáticas de maior presenza nas investigacións. Nalgúns casos a exposición de datos é máis detallada, como no capítulo 10 sobre a didáctica en ciencias experimentais e matemáticas, mentres que noutros casos se centra máis no contido conceptual e a relación entre as publicacións existentes, como no caso da didáctica artística onde o volume investigador é menor aínda que emerxente.

A modo de finalización, Alfonso Barcia presenta un breve capítulo de conclusións finais e prospectiva, que permite obter unha visión global do volume. Neste caso, como o propio autor indica, atópanse claras melloras en termos cuantitativos e cualitativos na investigación educativa en Galicia, que se percibe na creación ou impulso de grupos de investigación máis amplos e potentes e no maior impacto da investigación publicada. Por outro lado apúntanse en ton crítico e construtivo algunhas cuestións que dificultan a progresión, como o excesivo protagonismo da investigación universitaria, sen que outros contextos favorezan esta labor, e a limitación en recursos que impide desenvolver todos os proxectos.

En definitiva, este texto pódese considerar referente no campo da investigación educativa por servir, como así é a súa intención, de guía e estrutura da labor investigadora e de traballo que se desenvolve en Galicia no contexto da educación.

Julio Torrado Quintela
Universidade de Santiago de Compostela